

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I06A	<i>Expediente</i> CON/54/2015	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 1 de marzo de 2016, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocales: Dna. Noa María Morales, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Jose Rey, encargado parque móbil.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	22/02/2016	8.208	PATRIMONIAL FERANPE SL
2	24/02/2016	8.617	BANCO SANTANDER SA (*)
3	24/02/2016	8.738	ANDACAR 2000 S.A. (*)
4	24/02/2016	8.753	BANSABADELL RENTING SL (*)

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Lote I.- VEHÍCULO MONOVOLUMEN

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO euros IVA excluído lote I	Importe de cuota mensual vehículo	Abono por kms anuais non consumidos vehículo	Cargo por kms realizados de mais
2	BANCO SANTANDER SA (*)	40.025,28	833,86	0,021	0,014
3	ANDACAR 2000 SA. (*)	43.200,00	900,00	0,045	0,01
4	BANSABADELL RENTING SL(*)	43.936,00	915,35	0,0398	0,0325

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
<i>Documento</i> CON10I06A	<i>Expediente</i> CON/54/2015



LOTE II.- TODOTERREO

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO euros IVA excluído lote II	Importe de cuota mensual vehículo	Abono por kms anuais non consumidos vehículo	Cargo por kms realizados de mais
1	PATRIMONIAL FERANPE SL	53.328,00	1.111,00	0,045	0,048
2	BANCO SANTANDER SA (*)	53.020,32	1.104,59	0,046	0,043
4	BANSABADELL RENTING SL (*)	49.800,48	1.037,51	0,0272	0,0272

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:28 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I06A	<i>Expediente</i> CON/54/2015	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 31 de marzo de 2016, ás 10:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández

Vocales: D. Rafael Peña representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP

D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.

D. Jose Rey, encargado parque móbil.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe do Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe advírtese que na oferta aos vehículos monovolumen (LOTE I), formulada por BAYSAN QUALITY PRO, S.L., como empresa apoderada de ANDACAR 2000, S.A., se especifica que o cambio de vehículos ofertados será manual, polo que incumpre o prego de cláusulas que inclúe como requisito básico cambio automático. A mesa acorda excluír á empresa ANDACAR 2000, S.A da licitación no LOTE I e solicitar ao técnico a revisión das valoracións das restantes empresas por si se viran afectadas con respecto as que constan no informe que se presenta hoxe.

En canto ao LOTE II, a oferta presentada pola empresa BANSABADELL RENTING SL, no criterio 1) no relativo á oferta por Km. non consumidos atópase por encima do tipo de licitación ao ofertar 0,0272 e ser o tipo mínimo 0,045. No que respecta ao prazo de entrega, esta empresa ofrece 15 semanas, sendo o máximo establecido no Prego de 3 meses. A mesa acorda excluír á empresa BANSABADELL RENTING SL por incumprimento do Prego de cláusulas no LOTE II e solicitar ao técnico a revisión das valoracións dos outros licitadores por si se viran afectadas.


A mesa acorda reunirse novamente o martes 5 de abril as 9 horas.

Ás 11 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO OITO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING.

LOTE I

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE OITO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote I.

BANCO SANTANDER, S.A., que oferta os vehículos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI 150 CV POWERSHIFT.


BAYSAN MOVING F., que ofertas os vehículos FORD C-MAX 2.0 TDCi 150 CV Business 5 portas.

BANSABADELL RENTING, S.L.U. que oferta os vehículos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCi 150 CV TITANIUM POWERSHIFT 5P.

Segundo os criterios de adjudicación, o criterio 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:

1.VALORACIÓN ECONÓMICA

	PREGO	Banco Santander,S.A.	Baysan Moving F.	Bansabadell Renting, S.L.
OFERTA	45.000,00	40.025,28	43.200,00	43.936,80
BAIXA	Euros	4.974,72	1.800	1.063,20
PUNTOS	27,00	27,00	25,02	24,60
P. *DEFECTO	0,015	0,021	0,045	0,0398
PUNTOS	1,50	0,30	1,5	1,24
P. *EXCESO	0,015	0,014	0,01	0,0325
PUNTOS	1,50	1,07	1,5	0,46
TOTAL	30,00	28,37	28,02	26,30



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Prego
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula: $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos etimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:


2. PRESTACIÓNS MECÁNICAS

	PREGO	Banco Santander, S.A.	Baysan Moving F.	Bansabadell Renting, S.L.U.
	MODELO	FORD C-MAX TITANIUM 2.0 150 CV POWESHIFT	FORD C-MAX 2.0 TDCi 150 CV Business 5 portas.	FORD C-MAX TITANIUM 2.0 150 CV POWESHIFT
CILINDRADA PUNTOS	≥ 1.900 cc 1,00	1.997 1,00	1.997 1,00	2.000 1,00
POTENCIA PUNTOS	2,00	150 2,00	150 2,00	150 2,00
VDAD. MÁXIMA PUNTOS	1,00	202 0,99	204 1,00	202 0,99
ACELERACIÓN PUNTOS	2,00	10,3 1,84	9,5 2,00	10,3 1,84
CONSUMO *CONSUMO POND. PUNTOS	4,00	5,5-4,4 4,80 3,63	5,0-4,0 4,36 4,00	4,80 3,63
TOTAL	10,00	9,46	10,00	9,46

(*) Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantès, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km.



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:


3. OUTRAS MELLORAS

	PREGO	Banco Santander,S.A.	Baysan Moving F.	Bansabadell Renting, S.L.U.
Sistema Bluetooth PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Navegador PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Veh. substitución	1,00	no 0,00	no 0,00	no 0,00
TOTAL	3,00	2,00	2,00	0,00

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	Banco Santander,S.A.	Baysan Moving F.	Bansabadell Renting, S.L.U.
<u>REDUCCIÓN:</u> 15 DIAS PUNTOS	0,50		15 días 0,50	1 semana 0,16
1 MES PUNTOS	1,00			
1,50 MESES PUNTOS	1,50			
2 MESES PUNTOS	2,00			
TOTAL	2,00	0,00	0,50	0,16



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, resulta o seguinte

RESUME

	PREGO	Banco Santander,S.A.	Baysan Moving F.	Bansabadell Renting, S.L.U.
1. ECONÓMICA	30,00	28,37	28,02	26,30
2. PRESTACIÓNS	10,00	9,46	10,00	9,46
3. MELLORAS	3,00	2,00	2,00	2,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	0,00	0,50	0,16
TOTAL	45,00	39,83	40,52	35,92

A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, proponen que os vehículos eleixidos sexan os modelos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI 150 CV POWERSHIFT. ofertados por BANCO SANTANDER, S.A., cun prezo de 40.025,28 euros unidade, máis ive e dotados de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún, xa que logo sendo a oferta máis ventajosa a presentada por BAYSAN MOVING F., non especifica que o vehículo sexa con cambio automático, sendo ésta una característica técnica mínima esixible.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2016


Asdo.. José Rey Camino.

MAORÍES PRESTACIÓN MECÁNICAS

LOTE I

Cilindrada (cm³): 2.000

- ✓ Potencia (C.V.): 150
- ✓ Velocidad máxima (km/h): 202
- ✓ Aceleración (seg de 0 -100 km/h): 10,3
- ✓ Consumo: 4,8 (mixto)

LOTE II

- ✓ Cilindrada (cm³): 2.755 CC
- ✓ Potencia (C.V.): 177CV
- ✓ Velocidad máxima (km/h): 175 KM/H
- ✓ Aceleración (seg de 0 -100 km/h): 12,1 SEG.
- ✓ Consumo: 7,4 L/100 KM

OUTRAS MELLORAS

LOTE I

- ✓ Sistema Bluetooth para teléfono móvil: Integrado
- ✓ Navegador portátil tipo Tomtom ou Garmin: Integrado

LOTE II

- ✓ Sistema Bluetooth para teléfono móvil: Integrado


REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA

LOTE I

El plazo de entrega de los vehículos será de 11 semanas desde la firma del contrato.

LOTE II

El plazo de entrega de los vehículos será de 15 semanas desde la firma del contrato.



AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO

Vehículo propuesto



UNIDADES 8

MARCA: FORD

MODELO: CMAX 2.0 TDCi 150CV Business 5 Puertas

Será entregado con todo el equipamiento y requisitos exigidos en el Pliego de Condiciones técnicas. El color de la carrocería el que ustedes nos indiquen.

Fdo.: Maria Jose Ballesteros Martínez

Apoderada

baysan "moving fleetings"
BAYSAN QUALITY PRO, S.L. 898385977
Empresa apoderada por
ANDACAR 2000, S.A. 812343524
Poder Notarial en su interior

Maria José Ballesteros
Apoderada

- Los fabricantes cambian a menudo de modelos y pudiera ocurrir que desde la emisión de nuestra propuesta a la adjudicación y compra del vehículo se produjera esa circunstancia, Andacar siempre buscará y les proporcionará el modelo análogo sin que el cliente pierda con esta situación.

CONCELLO DE SANTIAGO

CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS

2. MEJORES PRESTACIONES PRIVADAS

CILINDRADA: 1.500 C.C.
POTENCIA: 150 C.V.
VELOCIDAD MÁXIMA: 204 KM/H
ACELERACIÓN: 9,5 SEGUNDOS
CONSUMO: Consumo urbano 5.0 (l/100km)
Consumo carretera 4.0 (l/100km)
Consumo combinado: 4.4 (l/100km)

3. OTRAS MEJORAS

Sistema Bluetooth: SI
Navegador: SI
Vehículo de sustitución con kit policial: NO

4. REDUCCIÓN DEL PLAZO DE ENTREGA

:Reducción de 15 días.

Paterna, 10 de Febrero de 2015,

BAYSAN QUALITY PRO, S.L. 896353977

Apoderada por
ANDACAR 2000, S.A. 41333520


María José Ballesteros
Apoderada

Fdo. María José Ballesteros
Apoderada.




ALQUILER DE TURISMOS FURGONETAS Y 4x4

María José Ballesteros
Apoderada de ANDACAR 2000, S.A. y Gerente de Baysan
T:96 134 12 32 / t:607 159 201
C/Botiguers nº 5 local 1- Parq Emp Táctica. Paterna 46980 - Valencia
mariajose.ballesteros@baysanquality.com
www.baysanquality.com

Cilindrada: 1997 cc
Litros 2.0
Diámetro 85.0 mm
Carrera 88.0 mm
Relación de compresión 16.0
4 cilindros
Configuración en línea
Distribución doble árbol de levas en cabeza (DOHC)
4 válvulas por cilindro
Compresor
Compresor turbo
Norma de emisiones
Normativa EU6
CO2: 114 g/km
Código A-G de Tráfico ligero
Etiqueta de eficiencia A
Filtro de partículas
Start/Stop parada y arranque automático
peso máximo autorizado 2050 kg
Peso en vacío: 1491 kg
peso máximo remolcable con freno 1500 kg
peso máximo remolcable sin freno 745 kg
Velocidad máxima: 204 km/h
Normativa de medida de potencia CEE
Potencia máxima: 110 KW
Potencia máxima: 150 CV
Par máximo: 370 Nm
Consumo urbano 5.0 (l/100km)
Consumo carretera 4.0 (l/100km)
Consumo combinado: 4.4 l/100km
Autonomía 1364 Km
Neumáticos: 205 mm de ancho
Neumáticos: 55 % de perfil
Neumaticos: código de velocidad V
Llantas de acero
Llantas de 16 pulgadas
Equipo de reparación de neumaticos
Tipo de vehículo -202
Suspensión delantera tipo McPherson y similares
Suspensión trasera tipo multibrazo (multi-link)
Barra estabilizadora delantera
Barra estabilizadora trasera
Tracción delantero
Número de velocidades: 6
Palanca de cambio en salpicadero
Transmisión manual
Revisión: Principal
Revisión: a los 20117 Km.
Revisión: a los 12 meses
Test NCAP: Fecha del Test 20101124
Test NCAP: Overall = 5.00
Test NCAP: Adulto = 92.00
Test NCAP: Niño = 83.00
Test NCAP: Peatón = 50.00
Test NCAP: Safety = 71.00
E. Audio
6 altavoces
Antena de techo
Radio AM/FM
CD en salpicadero
RDS
Lector de CD para MP3
Tarjeta digital
Control remoto audio en el volante
Conex. Disp ext. De entretenimiento
Entrada aux.
Conx. USB
Equip. Exterior
Faros
lente superficie compleja



María José Ballesteros
Apoderada de ANDACAR 2000, S.A. y Garante de Baysan
T:96 134 12 32 / t:607 159 201
C/ Botiguera nº 5 local 1- Parq Emp Tàctica. Paterna 46880 - Valencia
mariajose.ballesteros@baysanquality.com
www.baysanquality.com



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO OITO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING.

LOTE II

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE UN VEHÍCULO TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote II.

PATRIMONIAL FERAMPE, S.L., que oferta os vehículo SSANYONG REXTON 2.2 PREMIUM 4X4


BANCO SANTANDER, S.A., que ofertas os vehículo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P.

BANSABADELL RENTING, S.L.U., que oferta os vehículo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 D-4D GX 5P.

Segundo os criterios de adjudicación, o criterio 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:

1. VALORACIÓN ECONÓMICA

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.	Bansabadell Renting, S.L.U.
OFERTA	53.500,00	53.328,00	53.020,32	49.800,48
BAIXA	Euros	172,00	472,68	3.699,52
PUNTOS	27,00	25,21	25,36	27,00
P. *DEFECTO	0,045	0,045	0,046	0,0272
PUNTOS	1,50	0,00	1,50	-26,7
P. *EXCESO	0,048	0,048	0,043	0,0272
PUNTOS	1,50	0,85	0,95	1,50
TOTAL	30,00	26,06	27,81	1,80



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Prego
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula: $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos estimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:


2. PRESTACIÓNS MECÁNICAS

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.	Bansabadell Renting, S.L.U.
	MODELO	SSANYONG REXTON 2.2 PREMIUM 4X4	TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P.	TOYOTA LAND CRUISER 2.8 D-4D GX 5P.
CILINDRADA PUNTOS	1,00	2.157 0,78	2.755 1,00	2.755 1,00
POTENCIA PUNTOS	≥150 C.V. 2,00	178 2,00	177 0,99	177 0,99
VDAD. MÁXIMA PUNTOS	1,00	192 2,00	175 1,09	175 1,09
ACELERACIÓN PUNTOS	2,00	12,4 1,02	12,1 2,00	12,1 2,00
CONSUMO CONSUMO POND. PUNTOS	4,00	6,0-8,7 6,98 4,00	8,9-6,6 7,43 3,76	9,4-6,3 7,40 3,75
TOTAL	10,00	9,80	8,84	8,83

(*)Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantes, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km.



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:


3. OUTRAS MELLORAS

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.	Bansabadell Renting, S.L.U.
Sistema Bluetooth PUNTOS	1,00	no 0,00	si 1,00	si 1,00
Navegador PUNTOS	1,00	no 0,00	no 0,00	no 0,00
Veh. sustitución	1,00	no 0,00	no 0,00	no 0,00
TOTAL	3,00	0,00	1,00	1,00

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.	Bansabadell Renting, S.L.U.
<u>REDUCCIÓN:</u> 15 DIAS PUNTOS	0,50			
1 MES PUNTOS	1,00			
1,50 MESES PUNTOS	1,50	45 días 1,50		
2 MESES PUNTOS	2,00			
TOTAL	2,00	1,50	0,00	<i>15 Semanas</i> 0,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, resulta o seguinte

RESUME

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.	Bansabadell Renting, S.L.U.
1. ECONÓMICA	30,00	26,06	27,81	1,8
2. PRESTACIÓNS	10,00	9,80	8,84	8,83
3. MELLORAS	3,00	0,00	1,00	1,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	1,50	0,00	0,00
TOTAL	45,00	37,36	37,65	11,63

A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, proponen que o vehículo elexido sexa o modelo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P., ofertado por BANCO SANTANDER, S.A., cun prezo de cun prezo de 53.020,32 euros, máis ive e dotado de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2016

Asdo.: José Rey Camino


 VICESecretARIO

18 NOV. 2015

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 4.5.3.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

5.1.- O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en **413.500 euros**, desglosado en funcións dos lotes obxecto do contrato na seguinte forma:

LOTE	UNIDADES	TIPO DE VEHÍCULO	IMPORTE MÁXIMO POR UNIDADE (sen ive)
I	8	VEHÍCULO MONOVOLUMEN	45.000 euros
II	1	TODOTERREO	53.500 euros

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 86.835 euros.

A kilometraxe anual contratado para cada un dos vehículos obxecto deste prego, en función dos distintos lotes será de:

LOTE	TIPO DE VEHÍCULO	KILOMETRAXE ANUAL ESTIMADA
I	VEHÍCULO MONOVOLUMEN	50.000 km/ano
II	TODOTERREO	30.000 km/ano

Fíxase un prezo mínimo (sen IVE) para o abono dos quilómetros non consumidos durante o período de arrendamento respecto dos km/ano estimados para cada tipo de vehículo:

LOTE I 0'015 euros/km (ata u máximo do 10% dos kilómetros contratados)
 LOTE II 0'045 euros/km

Fíxase un prezo máximo para o cargo a efectuar por exceso de quilómetros consumidos durante o período do arrendamento con respecto aos km/ano estimados para cada tipo de vehículo:

LOTE I 0'015 euros/km
 LOTE II 0'048 euros/km

Este exceso de kilómetros en ningún caso superará en máis de 5.000 km/vehículo ó kilometraxe anual estimado, polo que a cantidade máxima a abonar por este concepto ascende a 3.360 euros.

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. Raúl Catalán Coomonte con DNI 36529968-B, maior de idade, con domicilio en San Cugat del Vallés (Barcelona), CP 08174, calle Sena, núm. 12, vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripciones técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a contratación de Subministro mediante renting de oito vehículos monovolumen e un vehículo todoterreno para a policía local do Concello de Santiago de Compostela, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome Bansabadell Renting, S.L.U., comprometese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:

LOTE	UNIDADES	TIPO DE VEHÍCULO	IMPORTE MÁXIMO POR UNIDADE (sen iva)
I	8	VEHÍCULO MONOVOLUMEN	43.936,80 euros
II	1	TODOTERRENO	49.800,48 euros

(21%) IVE: LOTE I **56.256,00** euros

(21%) IVE: LOTE II **7.899,84** euros

Importe da couta mensual:

LOTE I **915,35** euros/vehículo sen IVE

LOTE II **1.037,51** euros/vehículo sen IVE

Quilómetros anuais contratados:

ABONO por km. Non realizado dentro do período contratado

LOTE I **0,0398** euros/vehículo sen IVE

LOTE II **0,0272** euros/vehículo sen IVE


CARGO por km. Realizado de máis dentro do período contratado

LOTE **0,0325** euros/vehículo sen IVE

LOTE II **0,0272** euros/vehículo sen IVE

En Barcelona, a 19 de febrero de 2016

Fdo. Raúl Catalán Coomonte



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10106A	Expediente CON/54/2015



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 5 de abril de 2016, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Jose Rey, encargado parque móbil.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas para os dous lotes é o licitador BANCO SANTANDER SA.

Polo tanto, de conformidade cos termos dese informe, a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa BANSABADELL RENTING SL para os lotes I e II por ofertar un prezo por quilómetro non consumido por debaixo do tipo mínimo fixado no prego de aplicación, debendo realizarse as ofertas á alza. Así mesmo, e no que respecta ao prazo de entrega do lote II, esta empresa ofrece 15 semanas, sendo así que o máximo establecido no prego é de 3 meses.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ANDACAR 2000 SA para o lote I, ó ofertar un cambio manual para os vehículos, cando o prego esixe o cambio automático como requisito mínimo imprescindible.


TERCEIRO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador BANCO SANTANDER SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e que oferta un importe de **40.025,28 euros IVE** aparte, por vehículo para o **Lote I** (oito monovolúmenes) e de **53.020,32 euros IVE** aparte para o **lote II** (un todoterreo), para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmete estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO OITO VEHÍCULOS
MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL
MEDIANTE RENTING.**

LOTE I

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE OITO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote I.

BANCO SANTANDER, S.A., que oferta os vehículos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI 150 CV POWERSHIFT.

ANDACAR 2000, S.A., que ofertas os vehículos FORD C-MAX 2.0 TDCi 150 CV Business 5 portas.

BANSABADELL RENTING, S.L., que oferta os vehículos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCi 150 CV TITANIUM POWERSHIFT 5P.

Os vehículos ofertados por ANDACAR 2000, S.A., non cumpren o Prego de cláusulas administrativas o non ofertar o cambio automático, característica técnica mínima.

Os vehículos ofertados por BANSABADELL RENTING, S.L., non cumpren o Prego de cláusulas administrativas xa que no prezo por quilómetro consumido oferta un prezo superior o prezo de licitación

Segundo os criterios de adxudicación, o criteiro 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:

BANSABADELL RENTING, S.L.

FORD C-MAX TITANIUM POWERSHIFT 5P.

Prezo por quilómetro consumido


Prezo por quilómetro por exceso

Prezo por quilómetro consumido

Prezo por quilómetro por exceso

Prezo por quilómetro consumido

Prezo por quilómetro por exceso



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

1. VALORACIÓN ECONÓMICA


	PREGO	Banco Santander,S.A.
OFERTA	45.000,00	40.025,28
BAIXA	Euros	4.974,72
PUNTOS	27,00	27,00
P. *DEFECTO	0,015	0,021
PUNTOS	1,50	1,50
P. *EXCESO	0,015	0,014
PUNTOS	1,50	1,50
TOTAL	30,00	30,00

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Prego
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula: $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos etimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:

2. PRESTACIONES MECÁNICAS

	PREGO	Banco Santander,S.A.
	MODELO	FORD C-MAX TITANIUM 2.0 150 CV POWESHIFT
CILINDRADA	≥ 1.900 cc	1.997
PUNTOS	1,00	1,00
POTENCIA		150
PUNTOS	2,00	2,00
VDAD. MÁXIMA		202
PUNTOS	1,00	1,00
ACELERACIÓN		10,3
PUNTOS	2,00	1,84
CONSUMO		5,5-4,4
*CONSUMO POND.		4,80
PUNTOS	4,00	4,00
TOTAL	10,00	10,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

(*) Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantes, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km.

Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:

3. OUTRAS MELLORAS


	PREGO	Banco Santander,S.A.
Sistema Bluetooth		si
PUNTOS	1,00	1,00
Navegador		si
PUNTOS	1,00	1,00
Veh. sustitución		no
	1,00	0,00
TOTAL	3,00	2,00

OTRAS MELLORAS

PREGO

CONCELLO DE SANTIAGO

...




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	Banco Santander,S.A.
REDUCCIÓN: 15 DIAS PUNTOS	0,50	
1 MES PUNTOS	1,00	
1,50 MESES PUNTOS	1,50	
2 MESES PUNTOS	2,00	
TOTAL	2,00	0,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 5
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, e sendo o único licitador que cumpre cos requisitos esixidos nos correspondentes pregos, resulta o seguinte

RESUME

	PREGO	Banco Santander,S.A.
1. ECONÓMICA	30,00	30,00
2. PRESTACIÓNS	10,00	10,00
3. MELLORAS	3,00	2,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	0,00
TOTAL	45,00	42,00


A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, propón que os vehículos eleixidos sexan os modelos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI 150 CV POWERSHIFT. ofertados por BANCO SANTANDER, S.A., cun prezo de 40.025,28 euros unidade, máis ive e dotados de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016

3,00

2,00

Asdo.: José Rey Camino.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO OITO VEHÍCULOS
MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL
MEDIANTE RENTING.**

LOTE II

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE UN VEHÍCULO TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote II.


PATRIMONIAL FERANPE, S.L., que oferta os vehículo SSANYONG REXTON 2.2 PREMIUM 4X4

BANCO SANTANDER, S.A., que ofertas os vehículo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P.

BANSABADELL RENTING, S.L.; que oferta os vehículo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 D-4D GX 5P.

O vehículo ofertado por BANSABADELL RENTING, S.L, non cumpre o Prego de cláusulas administrativas, xa que no prezo por quilómetro non consumido oferta por debaixo do prezo de licitación, e no prazo de entrega que fai constar que será de 15 semanas cando no Prego o prazo di 3 meses.

Segundo os criterios de adxudicación, o criteiro 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

1. VALORACIÓN ECONÓMICA


	PREGO	Patrimonial Feranpe, S.L.	Banco Santander, S.A.
OFERTA	53.500,00	53.328,00	53.020,32
BAIXA	Euros	172,00	472,68
PUNTOS	27,00	26,84	27,00
P. *DEFECTO	0,045	0,045	0,046
PUNTOS	1,50	0,00	1,50
P. *EXCESO	0,048	0,048	0,043
PUNTOS	1,50	1,34	1,50
TOTAL	30,00	28,18	30,00

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Pregó
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula:
 $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos estimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:

2. PRESTACIÓNS MECÁNICAS

	PREGO	Patrimonial Ferampe, S.L.	Banco Santander, S.A.
	MODELO	SSANYONG REXTON 2.2 PREMIUM 4X4	TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P.
CILINDRADA		2.157	2.755
PUNTOS	1,00	0,78	1,00
POTENCIA	≥ 150 C.V.	178	177
PUNTOS	2,00	2,00	1,98
VDAD. MÁXIMA		192	175
PUNTOS	1,00	1,00	0,91
ACELERACIÓN		12,4	12,1
PUNTOS	2,00	1,95	2,00
CONSUMO		6,0-8,7	8,9-6,6
CONSUMO POND.		6,98	7,43
PUNTOS	4,00	4,00	3,76
TOTAL	10,00	9,73	9,65



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

(*)Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantes, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km.


Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:

3. OUTRAS MELLORAS

	PREGO	Patrimonial Feranpe, S.L.	Banco Santander, S.A.
Sistema Bluetooth PUNTOS	1,00	no 1,00	si 1,00
Navegador PUNTOS	1,00	no 0,00	no 0,00
Veh. sustitución	1,00	no 0,00	no 0,00
TOTAL	3,00	1,00	1,00




CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	Patrimonial Feranpe, S.L.	Banco Santander, S.A.
<u>REDUCCIÓN:</u> 15 DIAS PUNTOS	0,50		
1 MES PUNTOS	1,00		
1,50 MESES PUNTOS	1,50	45 días 1,50	
2 MESES PUNTOS	2,00		
TOTAL	2,00	1,50	0,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 5
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, resulta o seguinte

RESUME

	PREGO	Patrimonial Feranpe, S.L.	Banco Santander, S.A.
1. ECONÓMICA	30,00	28,18	30,00
2. PRESTACIÓNS	10,00	9,73	9,65
3. MELLORAS	3,00	1,00	1,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	1,50	0,00
TOTAL	45,00	40,41	40,65

A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, propón que o vehículo elexido sexa o modelo TOYOTA LAND CRUISER 2.8 180D VX 5P., ofertado por BANCO SANTANDER, S.A., cun prezo de cun prezo de 53.020,32 euros, máis ive e dotado de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016

Asdo.: José Rey Camino

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10I06A	Expediente CON/54/2015



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 7 de abril de 2016, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Jose Rey, encargado parque móbil.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase esta reunión da mesa para dar coñecemento da situación surxida en torno a documentación requirida á empresa proposta como adxudataria BANCO SANTANDER SA. Dando cumprimento as previsións do prego de aplicación, o departamento de contratación requeriu de oficio á tesourería municipal certificado acreditativo de que esta empresa non tiña débedas pendentes co Concello. Deste certificado resultan varias débedas en fase executiva tanto por impago de impostos como por multas de tráfico. Esta circunstancia, explica o director da asesoría xurídica municipal, debe derivar na exclusión da licitación da empresa afectada, como xa se informara nunha situación análoga precedente, solicitándose que copia deste informe se incorpore ó expediente.

Polo tanto, e de conformidade con informado pola asesoría xurídica municipal, os membros da mesa de contratación, **ACORDAN:**

PRIMEIRO: Deixar sen efecto a proposta de adxudicación acordada na sesión desta mesa de 5 de abril a favor da empresa BANCO SANTANDER SA, ó non estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de abono de sancións con este Concello.

SEGUNDO: Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador PATRIMONIAL FERANPE SL., seguinte empresa no orde de puntuación deste procedemento, que oferta un importe de **53.328 euros IVE** aparte para o **lote II** (un todoterreo), para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, ~~taxas~~ e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I06A	<i>Expediente</i> CON/54/2015	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 21 de abril de 2016, ás 10:15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jose Rey, encargado parque móbil.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **PATRIMONIAL FERANPE SL**, para o **lote II** (un todoterreo), consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Así mesmo, nesta mesa analízase un escrito de alegacións presentado pola empresa ANDACAR 2000 SA contra a súa exclusión da licitación, no que, esencialmente, afirma que o modelo que propoñen si dispón de cambio automático. En consecuencia, a mesa acorda que o xefe do parque móbil realice unha nova verificación desta circunstancia á luz da nova documentación aportada e emita informe ó respecto.

Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I06A	<i>Expediente</i> CON/54/2015	

15078DCON10I06At



ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 504.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 21 de abril de 2016, ás 9:28 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: Dna. Concepción Fernández, representante do grupo CA..

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muiños, representate do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Jose Rey, encargado parque móbil.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Os membros da mesa de contratación, logo de analizar o novo informe emitido polo xefe do parque móbil, en relación as alegacións presentadas pola empresa ANDACAR 2000 SA, e de conformidade con él, ratifican a súa exclusión da licitación.

Ás 9:33 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Parque Móbil

José Rey Camino, xefe do Parque Móbil, ten a ben informar sobre o recurso presentado por Andacar 2000, S.A. da exclusión do concurso de “SUBMINISTRO DE OITO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING” por non ofertar o cambio automático, tal como estaba establecido nas características técnicas do correspondente Prego.

No escrito presentado por Andacar 2000, S.A. di que o acabado Bussines se fabrica con cambio automático (Powershift), é correcto, pero se denomina “Business” a unha terminación en acabado de equipamento, o cal pode equipar tanto cambio manual como automático (Powershift), o que non fan referencia na documentación orixinal presentada, ademáis de ofertar un cambio manual de seis velocidades.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016.

Asdo./ José Rey Camino